

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

EDUCACIÓN FÍSICA 2º Y 4º

C.P.I. SAN TOMÉ DO CARBALLO

CURSO 2022/23

	INDICE	Páxina
1	INTRODUCCIÓN	3
2	CONTEXTO	4
	Características do centro e do alumnado.	
	Obxectivos adaptados ao contexto	
3	CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE / PERFIL COMPETENCIAL	7
4	BLOQUES DE CONTIDOS	17
5	SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS	20
6	RELACIONAR PARA CADA UNIDADE:	29
	Contidos, criterios de avaliación, competencias clave e estándares	
	Grao mínimo de consecución	
	Peso na cualificación	
	Instrumentos de avaliación	
	Temas transversais	
7	METODOLOXÍA DIDÁCTICA:	64
	Estratexias metodolóxicas	
	Outras decisións metodolóxicas: agrupamentos, tempos, espazos, materias, recursos	
8	AVALIACIÓN:	71
	Avaliación inicial	71
	Procedemento para a avaliación inicial	
	Avaliación continua	71
	Procedemento para a avaliación continua : Número e tipo de exames e outras probas a valorar	
	Criterios de cualificación: Valoración dos exames, traballo diario, interese na aula, etc.	
	Elaboración da nota media	
	Recuperación dunha proba ou exame	
	Recuperación dunha avaliación	
	Avaliación final	73
	Quen debe ir á avaliación final?	
	En que consistirá a proba?	
	Que estándares se van a avaliar?: os das avaliacións pendentes, todos, ...	
	Como se elabora a cualificación final?: Ponderación, redondeos, etc?	
	Que criterios segue o centro para a promoción?	
	Materias pendentes de cursos anteriores	74
	Procedemento para o seguimento e avaliación das materias pendentes: Traballo, probas, etc.	
	Criterios de cualificación: valoración de traballos, probas escritas, outras.	
9	OUTRAS AVALIACIÓNS:	75
	Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente	75
	Indicadores de logro da planificación e do proceso de ensino	
	Indicadores de logro da práctica docente	
	Avaliación da programación didáctica	76
	Indicadores de logro sobre a programación didáctica	
10	ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:	77
	Medidas ordinarias: Organizativas e curriculares	
11	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES:	78
	Referencia ás actividades complementarias e extraescolares recollidas na PXA.	
12	CONTIDOS, METODOLOXÍA E AVALIACIÓN EN CASO DE ENSINANZA NON PRESENCIAL	78
13	DATOS DO DEPARTAMENTO:	79
14	RELACIÓN COA RESOLUCIÓN DO 27/07/2015 (DOG 29):	80

1.-INTRODUCCIÓN

A materia de Educación Física ten como finalidade principal que os alumnos e as alumnas alcancen a competencia motriz, entendida como un conxunto de coñecementos, procedementos, actitudes e emocións que interveñen nas múltiples interaccións que realiza unha persoa no seu medio e coas demais, que permite que o alumnado supere os problemas motores propostos tanto nas sesión de Educación Física como na súa vida cotiá; sempre actuando de forma coherente e en concordancia co nivel de desenvolvemento psicomotor, e outorgándolle especial sensibilidade á atención á diversidade nas aulas, utilizando estratexias inclusivas e procurando a integración dos coñecementos, os procedementos, as actitudes e as emocións que se vinculan á conduta motora.

A competencia motriz, malia non estar recollida como unha das competencias clave, é fundamental para o desenvolvemento destas, principalmente das competencias sociais e cívicas, de aprender a aprender, de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, de conciencia e expresións culturais, da competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía e, en menor medida, da de comunicación lingüística e da competencia dixital. O traballo por competencias integra un coñecemento de base conceptual, outro relativo ás destrezas e, por último, un con grande influencia social e cultural, que implica un conxunto de valores e actitudes.

O presente currículo de Educación Física mantén a coherencia e a homoxeneidade coa etapa de educación primaria, nas etapas da ESO e do bacharelato, entendendo a materia como un continuo, tanto nos seus contidos como nas aprendizaxes que debe conseguir o alumnado ao longo de todas as etapas do sistema educativo.

Estes contidos serán mais xerais e variados nos primeiros cursos, para que o alumnado poida iniciarse nun maior número de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas. Nos últimos cursos estes contidos poderán ser perfeccionados sobre a base das aprendizaxes anteriores.

A presente programación baséase na seguinte lexislación:

-LEI ORGÁNICA 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

-LEI ORGÁNICA 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a lei anterior e da que se aplican durante este curso algúns apartados organizativos e avaliativos.

-REAL DECRETO 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato.

-DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

-RESOLUCIÓN do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/2016 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

-ORDEN ECD/65/2015, do 21 de Xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da Educación Primaria, a Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato.

2.- CONTEXTO

2.1.- Contexto do centro

2.1.1. Características do centro:

Situación:

Taboada, concello da provincia de Lugo.

Poboación:

A partir da década dos cincuenta o despoboamento acentuouse, a densidade media é de menos de 40 hab/km² parecida á media provincial e o crecemento vexetativo é negativo. Esta negativa evolución da poboación apréciase por exemplo nunha década: para 1981 había 6.072 habitantes e no 1991 4.854, o que supón un crecemento negativo do -20%, sendo a densidade media para 1991 de 31'8 hab/km². A partir deste último ano parece que o municipio se recupera lixeiramente do descenso poboacional que o viña afectando. En total ten 206 entidades de poboación e 27 parroquias. A parroquia con menor poboación é Mourelle e a máis poboada Carballo onde sitúase a capital municipal, Taboada, que tamén posúe a maior densidade de poboación, mentres que a de menor densidade media é Xián.

Censo: 3.478 habitantes (2008 - Fonte: INE).

Densidade: 23,71 hab/km2 (2008 - Fonte: INE).

Ensinanzas que oferta o centro

O centro oferta as ensinanzas de ESO

Características singulares:

O IES conta con 2 edificios, uno de aulas, unha pista de deportes e un patio cuberto, acollen os seguintes espazos:

- 6 aulas
- 1 aulas de Educación Plástica e Visual.
- 1 aulas de Música.
- 2 aulas de Informática.
- 1 aulas de Pedagogía Terapéutica
- 1 aula de idiomas
- 1 Laboratorios de Ciencias Naturais
- 1 Biblioteca.
- Sala de Profesores.
- 1 Taller de Tecnoloxía.
- 1 aula de convivencia

2.1.2.-Características do alumnado:

Lingua materna dominante:

A lingua principal de comunicación do alumnado é o galego.

2.1.3.Outras características:

Os alumnos e alumnas deste centro, da ESO, proceden principalmente do rural. Estes alumnos cursaron maioritariamente os estudos de ensinanza primaria nos centros adscritos. A súa formación é xeralmente axeitada, aínda que se perciben algunhas carencias específicas de base académica, especialmente en materias fundamentais como as linguas e as matemáticas, tamén se producen algúns

pág. 5

casos de problemas de conduta e dificultades de convivencia e incorpórase habitualmente alumnado de educación especial con necesidade de adaptacións curriculares, reforzos e apoio educativo.

2.2- Obxectivos de ESO:

2.2.1.-Obxectivos Xerais de ESO

a	Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais ; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre homes e mulleres, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
b	Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
c	Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
d	Fortalecer a súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
e	Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
f	Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
g	Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
h	Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, texto e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
i	Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
l	Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.
m	Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os

	hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
n	Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas utilizando diversos medios de expresión e representación.
ñ	Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
o	Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para po mantemento da nosa identidade e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3.-CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVES / PERFIL COMPETENCIAL

1. Competencia en Comunicación lingüística (CCL)

Esta competencia é desenvolvida na nosa área a través da acción comunicativa dentro de prácticas físico-deportivas, nas cales o individuo actúa con outros deportistas en múltiples modalidades. Estas prácticas poden implicar o uso de diferentes terminoloxías segundo o deporte practicado xa sexa de maneira individual ou colectiva.

Ademais, a competencia en comunicación lingüística representa unha vía de coñecemento e contacto coas linguas estranxeiras e a súa terminoloxía deportiva, que no caso da lingua inglesa ten moita presenza.

A competencia en comunicación lingüística é tamén un instrumento fundamental para a socialización e o aproveitamento da experiencia educativa, por ser unha vía privilexiada de acceso ao coñecemento e practica de diferentes actividades deportivas dentro e fóra da escola.

2. Competencia Matemática e Competencias Básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCCT)

Esta competencia é desenvolvida na nosa área a través dos coñecementos sobre os números, as medidas e as dimensions das diferentes instalacións deportivas.

Ademais da utilización das matemáticas en calquer tipo de actividade deportiva no momento de intentar cuantificar o resultado, para o que será necesario diferentes operacións matemáticas.

Por outra banda, utilizarase no cálculo de distancias, traxectorias e no uso de escalas nas diferentes actividades deportivas a realizar no medio natural, donde a competencia matemática é esencial na comprensión da perspectiva, na elaboración e lectura de mapas.

3. Competencia Dixital (CD)

Esta competencia é desenvolvida na nosa área a través do uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e da comunicación na realización de traballos para a nosa asignatura.

Supón tamén o acceso ás fontes e o procesamento da información, e o coñecemento dos dereitos e as liberdades que asisten as persoas no mundo dixital.

A adquisición desta competencia require, ademais, actitudes e valores que permitan ao usuario adaptarse ás novas necesidades establecidas polas tecnoloxías, a súa apropiación e adaptación aos propios fins e a capacidade de interaccionar socialmente arredor delas. Trátase de desenvolver unha actitude activa, crítica e realista cara ás tecnoloxías e os medios tecnolóxicos, valorando as súas fortalezas e debilidades e respectando principios éticos no seu uso

4. Competencia para Aprender a Aprender (CAA)

Esta competencia é desenvolvida na nosa área a través das diferentes prácticas deportivas que obrigan o alumnado a un aprendizaxe permanente que se produce ao longo de dichas prácticas, nas que ten que adaptarse en función de diferentes aspectos tácticos e estratéxicos.

Esta competencia caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. Isto exige, en primeiro lugar, a capacidade para motivarse por aprender.

Esta motivación depende de que se xere a curiosidade e a necesidade de aprender, de que o estudante se sinta protagonista do proceso e do resultado da súa aprendizaxe e, finalmente, de que chegue a alcanzar as metas de aprendizaxe propostas e, con isto, que se produza nel unha percepción de autoeficacia. Todo o anterior contribúe a motivalo para abordar futuras tarefas de aprendizaxe.

En segundo lugar, en canto á organización e xestión da aprendizaxe, a competencia de aprender a aprender require coñecer e controlar os propios procesos de aprendizaxe para axustalos aos tempos e ás demandas das tarefas e actividades que conducen á aprendizaxe. A competencia de aprender a aprender desemboca nunha aprendizaxe cada vez máis eficaz e autónoma.

Todas elas inclúen un proceso reflexivo que permite pensar antes de actuar (planificación), analizar o curso e o axuste do proceso (supervisión) e consolidar a aplicación de bos plans ou modificar os que resultan incorrectos (avaliación do resultado e do proceso). Estas tres estratexias deberíanse potenciar nos procesos de aprendizaxe e de resolución de problemas en que participan os estudantes.

Aprender a aprender maniféstase tanto nos actividades físicas individuais como nas colecticas. En ambos os casos o dominio desta competencia iníciase cunha reflexión consciente acerca dos procesos de aprendizaxe a que se entrega un mesmo ou o grupo

5. Competencias Sociais e Cívicas (CSC)

Esta competencia é desenvolvida na nosa área a través das actividades físico-deportivas e relaciónase co benestar persoal e colectivo. Exixe entender o modo en que as persoas poden procurar un estado de saúde física e mental óptimo, tanto para elas mesmas como para as súa familias e para o seu contorno social próximo, e saber coma un estilo de vida saudable pode contribuír a isto.

A mesma importancia ten coñecer os conceptos básicos relativos ao individuo, ao grupo, á organización do traballo, á igualdade e á non discriminación entre homes e mulleres e entre diferentes grupos étnicos ou culturais na práctica dos diferentes actividades deportivas.

Os elementos fundamentais desta competencia inclúen o desenvolvemento de certas destrezas como a capacidade de comunicarse dunha maneira construtiva na practica de diferentes actividades físicas, en distintos contornos sociais e culturais, mostrando tolerancia, y comprendiendo puntos de vista diferentes, negociar sabendo inspirar confianza e sentir empatía. As persoas deben ser quen de xestionar un comportamento de respecto ás diferenzas expresado de maneira construtiva.

Adquirir estas competencias supón ser quen de se pór no lugar do outro, aceptar as diferenzas, ser tolerante e respectar os valores, as crenzas, as culturas e a historia persoal e colectiva dos outros.

6. Competencia para o Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Esta competencia é desenvolvida na nosa área a través da organización e execución de diferentes actividades deportivas, xa sexa no ámbito escolar por medio de competicións no recreo de diferentes deportes, coma no ámbito extraescolar, os fins de semana.

Así mesmo, esta competencia require das seguintes destrezas ou habilidades esenciais: capacidade de análise; capacidades de planificación, organización, xestión e toma de decisións; capacidade de adaptación ao cambio e resolución de problemas; comunicación, presentación, representación e negociación efectivas; habilidade para traballar, tanto individualmente como dentro dun equipo; participación, capacidade de liderado e delegación; pensamento crítico e sentido da responsabilidade;

autoconfianza, avaliación e autoavaliación, xa que é esencial determinar os puntos fortes e débiles dun mesmo e dun proxecto, así como avaliar e asumir riscos cando estea xustificado (manexo da incerteza e asunción e xestión do risco).

7. Competencia para a Conciencia e Expresións Culturais (CCEC)

Esta competencia é desenvolvida na nosa área a través de coñecer, practicar, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais, deportivas e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e desfrute persoal e considéralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Así pois, a realización de diferentes actividades deportivas orixinarias doutros países, continentes, ou xogos populares doutras comunidades autónomas, ademais dos da nosa comunidade, contribuen o enriquecemento cultural dos nosos alumnos, favorecendo a comprensión destas culturas por medio dos seus xogos.

Vemos así, para 2º e 4º curso, os Estándares de Aprendizaxe Avaliables para cada Competencia Clave, nas seguintes táboas:

PERFIL COMPETENCIAL DA MATERIA DE EDUCACIÓN FÍSICA PARA <u>2º E.S.O.</u>	
<u>COMPETENCIAS CLAVE</u>	<u>ESTANDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES</u>
Comunicación lingüística (CCL)	EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable.
	EFB1.5.2. Expón e defende traballos elaborados sinxelos sobre temas viventes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.
Matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía	EFB1.1.1.Recoñece a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados.
	EFB3.1.1. Analiza de xeito básico a implicación das capacidades físicas e as coordinativas nas actividades físico deportivas e artístico-expresivas traballadas no ciclo.
	EFB3.1.2. Relaciona diferentes tipos de actividade física e alimentación co seu impacto na súa saúde.

(CMCCT)	EFB3.1.3. Relaciona as adaptacións orgánicas principais coa actividade física sistemática, así coa saúde e os riscos e as contraindicacións da práctica deportiva.
	EFB3.1.4. Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora dos principais factores da condición física.
	EFB3.1.5. Aplica con axuda procedementos para autoavaliar os factores da condición física.
	EFB3.1.6. Identifica as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, adoptando unha actitude crítica fronte ás prácticas que teñen efectos negativos para a saúde.
Competencia Dixital (CD)	EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable.
	EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión, de xeito básico, tendo en conta os contidos que se vaian realizar (mantendo sempre a distancia de seguridade e as normas sanitarias)
	EFB1.5.2. Expón e defende traballos elaborados sinxelos sobre temas vixentes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.
	EFB3.2.1. Participa activamente na mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento (mantendo sempre a distancia de seguridade e as normas sanitarias)
	EFB3.2.2. Alcanza niveis de condición física saudable acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades.
	EFB3.2.3. Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións.
	EFB3.2.4. Analiza a importancia da práctica habitual de actividade física para a mellora da propia condición física saudable, relacionando o efecto desta práctica coa mellora da calidade de vida.
	EFB4.1.1. Aplica os aspectos básicos das técnicas e habilidades específicas adaptadas, respectando as regras e as

Aprender a aprender (CAA)	normas establecidas (mantendo sempre a distancia de seguridade e as normas sanitarias)
	EFB4.1.2. Autoavaliá a súa execución de xeito básico con respecto ao modelo técnico formulado EFB4.1.3. Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados.
	EFB4.1.4. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación.
	EFB4.1.5. Explica e pon en práctica técnicas de progresión nos contornos non estables e técnicas básicas de orientación, regulando o esforzo en función das súas posibilidades.
	EFB4.2.1. Adapta os fundamentos técnicos e tácticos para obter vantaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas (Non en situación covid ou sin

	<p>compartir material deportivo e respetando a distancia de seguridade)</p> <p>EFB4.2.2. Describe simplificada e pon en práctica de xeito autónomo aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas (Non en situación covid ou sin compartir material deportivo e respetando a distancia de seguridade)</p> <p>EFB4.2.3. Discrimina os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisións nas situacións de colaboración, oposición e colaboración-oposición facilitadas, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción.</p> <p>EFB4.2.4. Reflexiona sobre as situacións facilitadas resoltas valorando a oportunidade das solucións achegadas e a súa aplicabilidade a situacións similares.</p>
<p>Competencias Social e cívica (CSC)</p>	<p>EFB1.1.1. Recoñece a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados.</p> <p>EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión, de xeito básico, tendo en conta os contidos que se vaian realizar (mantendo sempre a distancia de seguridade e as normas sanitarias)</p> <p>EFB1.1.3. Prepara e pon en práctica actividades para a mellora das habilidades motoras en función das propias dificultades, baixo a dirección do/da docente.</p>
	<p>EFB1.2.1. Amona tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a.</p> <p>EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.</p> <p>EFB1.2.3. Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do nivel de destreza.</p>
	<p>EFB1.3.1. Coñece as posibilidades que ofrece o contorno para a realización de actividades físico-deportivas axeitadas a súa idade.</p> <p>EFB1.3.2. Respecta o contorno e valóralo como un lugar común para a realización de actividades físico-deportivas.</p> <p>EFB1.3.3. Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual.</p>
	<p>EFB1.4.1. Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco para si mesmo/a ou para as demais persoas.</p>
	<p>EFB3.1.6. Identifica as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, adoptando unha actitude crítica fronte ás prácticas que teñen efectos negativos para a saúde.</p>
	<p>EFB1.4.1. Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco para si mesmo/a ou para as demais persoas.</p> <p>EFB1.4.2. Describe e pon en práctica os protocolos para activar os servizos de emerxencia e de protección do contorno.</p> <p>EFB1.4.3. Adopta as medidas preventivas e de seguridade propias das actividades desenvolvidas durante o ciclo, tendo especial coidado con aquelas que se realizan nun contorno non estable.</p>
	<p>EFB3.2.3. Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións.</p>
<p>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)</p>	<p>EFB1.4.1. Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco para si mesmo/a ou para as demais persoas.</p> <p>EFB1.4.2. Describe e pon en práctica os protocolos para activar os servizos de emerxencia e de protección do contorno.</p> <p>EFB1.4.3. Adopta as medidas preventivas e de seguridade propias das actividades desenvolvidas durante o ciclo, tendo especial coidado con aquelas que se realizan nun contorno non estable.</p> <p>EFB3.2.3. Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións.</p>

		EFB4.1.1. Aplica os aspectos básicos das técnicas e habilidades específicas adaptadas, respectando as regras e as normas establecidas (mantendo sempre a distancia de seguridade e as normas sanitarias)
		EFB4.1.2. Autoavalía a súa execución de xeito básico con respecto ao modelo técnico formulado. EFB4.1.3. Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados.
		EFB4.1.4. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación.
		EFB4.1.5. Explica e pon en práctica técnicas de progresión nos contornos non estables e técnicas básicas de orientación, regulando o esforzo en función das súas posibilidades.
		EFB4.2.1. Adapta os fundamentos técnicos e tácticos para obter vantaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas (Non en situación covid ou sin compartir material deportivo e respetando a distancia de seguridade)
		EFB4.2.2. Describe simplificada e pon en práctica de xeito autónomo aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas (Non en situación covid ou sin compartir material deportivo e respetando a distancia de seguridade)

		EFB4.2.3. Discrimina os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisións nas situacións de colaboración, oposición e colaboración-oposición facilitadas, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción.
		EFB4.2.4. Reflexiona sobre as situacións facilitadas resoltas valorando a oportunidade das solucións achegadas e a súa aplicabilidade a situacións similares.
<p align="center">Cultural e expresións culturais (CCEC)</p>		EFB2.1.1. Utiliza técnicas corporais básicas, de forma creativa, combinando espazo, tempo e intensidade.
		EFB2.1.2. Crea e pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo prefixado de baixa dificultade.
		EFB2.1.3. Colabora no deseño e na realización de bailes e danzas sinxelas, adaptando a súa execución á dos seus compañeiros e das súas compañeiras.
		EFB2.1.4. Realiza improvisacións de xeito individual como medio de comunicación espontánea.

**PERFIL COMPETENCIAL DA MATERIA DE EDUCACIÓN FÍSICA
PARA 4º E.S.O.**

<u>COMPETENCIAS CLAVE</u>	<u>ESTANDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES</u>
Comunicación lingüística (CCL)	<p>EFB1.6.1. Procura, procesa e analiza criticamente informacións actuais sobre temáticas vinculadas á actividade física e a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.</p> <p>EFB1.6.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para afondar sobre contidos do curso, realizando valoracións críticas e argumentando as súas conclusións.</p> <p>EFB1.6.3. Comunica e comparte información e ideas nos soportes e nos contornos apropiados.</p>
Matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)	<p>EFB3.1.1. Demostra coñecementos sobre as características que deben cumprir as actividades físicas cun enfoque saudable e os beneficios que proporcionan á saúde individual e colectiva.</p> <p>EFB3.1.2. Relaciona exercicios de tonificación e flexibilización coa compensación dos efectos provocados polas actitudes posturais inadecuadas máis frecuentes.</p> <p>EFB3.1.3. Relaciona hábitos como o sedentarismo ou o consumo de tabaco e de bebidas alcohólicas cos seus efectos na condición física e a saúde.</p> <p>EFB3.1.4. Valora as necesidades de alimentos e de hidratación para a realización de diferentes tipos de actividade física.</p> <p>EFB3.2.1. Valora o grao de implicación das capacidades físicas na realización dos tipos de actividade física.</p> <p>EFB3.2.2. Practica de forma regular, sistemática e autónoma actividades físicas co fin de mellorar as condicións de saúde e calidade de vida.</p> <p>EFB3.2.3. Aplica os procedementos para integrar nos programas de actividade física a mellora das capacidades físicas básicas, cunha orientación saudable e nun nivel adecuado ás súas posibilidades (mantendo sempre a distancia de seguridade e as normas sanitarias)</p> <p>EFB3.2.4. Valora a súa aptitude física nas súas dimensións anatómica, fisiolóxica e motriz, relacionándoas coa saúde.</p> <p>EFB4.3.1. Compara os efectos das actividades físicas e deportivas no contorno en relación coa forma de vida nel. EFB4.3.2. Relaciona as actividades físicas na natureza coa saúde e a calidade de vida.</p> <p>EFB4.3.3. Demostra hábitos e actitudes de conservación e protección ambiental.</p>
Competencia Dixital (CD)	<p>EFB1.6.1. Procura, procesa e analiza criticamente informacións actuais sobre temáticas vinculadas á actividade física e a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.</p> <p>EFB1.6.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para afondar sobre contidos do curso, realizando valoracións críticas e argumentando as súas conclusións.</p>

	EFB1.6.3. Comunica e comparte información e ideas nos soportes e nos contornos apropiados.
	EFB4.1.1. Axusta a realización das habilidades específicas aos requisitos técnicos nas situacións motrices individuais, preservando a súa seguridade e tendo en conta as súas propias características (mantendo sempre a distancia de seguridade e as normas sanitarias)
	EFB4.1.2. Axusta a realización das habilidades específicas aos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, e as persoas adversarias, nas situacións colectivas (Non en situación covid ou sin compartir material deportivo e respetando a distancia de seguridade)
	EFB4.1.3. Adapta as técnicas de progresión ou desprazamento aos cambios do medio, priorizando a súa seguridade persoal e colectiva (mantendo sempre a distancia de seguridade e as normas sanitarias)

Aprender a aprender (CAA)	EFB4.2.1. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de oposición, contrarrestando ou anticipándose ás accións da persoa adversaria (Non en situación covid ou sin compartir material deportivo e respetando a distancia de seguridade)
	EFB4.2.2. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de cooperación, axustando as accións motrices aos factores presentes e ás intervencións do resto de participantes (Non en situación covid ou sin compartir material deportivo e respetando a distancia de seguridade)
	EFB4.2.3. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de colaboración-oposición, intercambiando os papeis con continuidade e perseguindo o obxectivo colectivo de obter situacións vantaxosas sobre o equipo contrario (Non en situación covid ou sin compartir material deportivo e respetando a distancia de seguridade)
	EFB4.2.4. Aplica solucións variadas ante as situacións formuladas e valorar as súas posibilidades de éxito, en relación con outras situacións (mantendo sempre a distancia de seguridade e as normas sanitarias)
	EFB4.2.5. Xustifica as decisións tomadas na práctica das actividades e recoñece os procesos que están implicados nelas.
	EFB4.2.6. Argumenta estratexias ou posibles solucións para resolver problemas motores, valorando as características de cada participante e os factores presentes no contorno.
Competencias Social e cívica (CSC)	EFB1.1.1. Analiza a actividade física principal da sesión para establecer as características que deben ter as fases de activación e de volta á calma.
	EFB1.1.2. Selecciona os exercicios ou as tarefas de activación e de volta á calma dunha sesión, atendendo á intensidade ou á dificultade das tarefas da parte principal.
	EFB1.1.3. Realiza exercicios ou actividades nas fases inicial e final de algunha sesión, de xeito autónomo, acorde co seu nivel de competencia motriz
	EFB1.2.1. Asume as funcións encomendadas na organización de actividades grupais.
	EFB1.2.2. Verifica que a súa colaboración na planificación e posta en práctica de actividades grupais fose coordinada coas accións do resto das persoas implicadas (Non en situación covid ou sin compartir material deportivo e respetando a distancia de seguridade)
	EFB1.2.3. Presenta propostas creativas de utilización de materiais e de planificación para utilizalos na súa práctica de maneira autónoma.

	<p>EFB1.3.1. Valora as actuacións e as intervencións das persoas participantes nas actividades, recoñecendo os méritos e respectando os niveis de competencia motriz, e outras diferenzas.</p> <p>EFB1.3.2. Valora as actividades físicas distinguindo as achegas que cada unha ten desde o punto de vista cultural, para a satisfacción e o enriquecemento persoal, e para a relación coas demais persoas.</p> <p>EFB1.3.3. Mantén unha actitude crítica cos comportamentos antideportivos, tanto desde o papel de participante como desde o de espectador/a.</p> <p>EFB1.5.1. Fundamenta os seus puntos de vista ou as súas achegas nos traballos de grupo, e admite a posibilidade de cambio fronte a outros argumentos válidos.</p> <p>EFB1.5.2. Valora e reforza as achegas enriquecedoras dos compañeiros e das compañeiras nos traballos en grupo.</p> <p>EFB4.3.1. Compara os efectos das actividades físicas e deportivas no contorno en relación coa forma de vida nel. EFB4.3.2. Relaciona as actividades físicas na natureza coa saúde e a calidade de vida.</p> <p>EFB4.3.3. Demostra hábitos e actitudes de conservación e protección ambiental.</p>
<p>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</p> <p>(CSIEE)</p>	<p>EFB1.4.1. Verifica as condicións de práctica segura usando convenientemente o equipamento persoal, e os materiais e os espazos de práctica.</p> <p>EFB1.4.2. Identifica as lesións máis frecuentes derivadas da práctica de actividade física.</p> <p>EFB1.4.3. Describe os protocolos que deben seguirse ante as lesións, os accidentes ou as situacións de emerxencia máis frecuentes producidas durante a práctica de actividades físico-deportivas.</p> <p>EFB4.1.1. Axusta a realización das habilidades específicas aos requisitos técnicos nas situacións motrices individuais, preservando a súa seguridade e tendo en conta as súas propias características.</p> <p>EFB4.1.2. Axusta a realización das habilidades específicas aos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, e as persoas adversarias, nas situacións colectivas (Non en situación covid ou sin compartir material deportivo e respetando a distancia de seguridade)</p> <p>EFB4.1.3. Adapta as técnicas de progresión ou desprazamento aos cambios do medio, priorizando a súa seguridade persoal e colectiva.</p> <p>EFB4.2.1. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de oposición, contrarrestando ou anticipándose ás accións da persoa adversaria (Non en situación covid ou sin compartir material deportivo e respetando a distancia de seguridade)</p> <p>EFB4.2.2. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de cooperación, axustando as accións motrices aos factores presentes e ás intervencións do resto de participantes (Non en situación covid ou sin compartir material deportivo e respetando a distancia de seguridade)</p>
	<p>EFB4.2.3. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de colaboración-oposición, intercambiando os papeis con continuidade e perseguindo o obxectivo colectivo de obter situacións vantaxosas sobre o equipo contrario (Non en situación covid ou sin compartir material</p>

	<p>deportivo e respetando a distancia de seguridade)</p> <p>EFB4.2.4. Aplica solucións variadas ante as situacións formuladas e valorar as súas posibilidades de éxito, en relación con outras situacións (mantendo sempre a distancia de seguridade e as normas sanitarias)</p> <p>EFB4.2.5. Xustifica as decisións tomadas na práctica das actividades e recoñece os procesos que están implicados nelas.</p> <p>EFB4.2.6. Argumenta estratexias ou posibles solucións para resolver problemas motores, valorando as características de cada participante e os factores presentes no contorno.</p>
<p>Cultural e expresións culturais (CCEC)</p>	<p>EFB1.3.2. Valora as actividades físicas distinguindo as achegas que cada unha ten desde o punto de vista cultural, para a satisfacción e o enriquecemento persoal, e para a relación coas demais persoas.</p>
	<p>EFB2.1.1. Elabora composicións de carácter artístico-expresivo, seleccionando os elementos de execución e as técnicas máis apropiadas para o obxectivo previsto, incidindo especialmente na creatividade e na desinhibición.</p> <p>EFB2.1.2. Axusta as súas accións á intencionalidade das montaxes artístico-expresivas, combinandoos compoñentes espaciais, temporais e, de ser o caso, de interacción coas demais persoas.</p> <p>EFB2.1.3. Colabora no deseño e na realización das montaxes artístico-expresivas, achegando e aceptando propostas.</p>

Nota: Os estándares de aprendizaxe salientados en vermello representan os estándares transversais de cada curso, presentes en tódalas Unidades didácticas do curso. A avaliación dos mesmos representará o 20% da cualificación.

4. BLOQUES DE CONTIDOS DE 2º E 4º DE ESO

EDUCACION FISICA 2º ESO

BLOQUE 1: CONTIDOS COMUNS EN EDUCACION FISICA

- B1.1. Fases de activación e recuperación na práctica da actividade física de carácter xeral e específica, en función da actividade que se realice realizar.
- B1.2. Selección e execución de xogos e exercicios apropiados para cada fase da sesión.
- B1.3. Respeto e aceptación das regras das actividades, os xogos e os deportes practicados.
- B1.4. Papeis e estereotipos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, como fenómeno social e cultural.
- B1.5. Aceptación do propio nivel de execución e o das demais persoas, e disposición positiva cara á súa mellora.
- B1.6. Posibilidades do contorno próximo como lugar de práctica de actividades físico-deportivas e recreativas.
- B1.7. Aceptación e respecto das normas para a conservación do medio urbano e natural.
- B1.8. Actividade física como elemento base dos estilos de vida saudable.
- B1.9. Estereotipos corporais na sociedade actual e a súa relación coa saúde.
- B1.10. Prevención de riscos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, baseada na análise previa das características destas.
- B1.11. Protocolo básico de actuación (PAS) nos primeiros auxilios.
- B1.12. Emprego responsable do material e do equipamento deportivo.
- B1.13. Tecnoloxías da información e da comunicación para procurar, analizar e seleccionar información relacionada

coa actividade física e a saúde.

- B1.14. Elaboración e exposición argumentada de documentos no soporte máis axeitado.

BLOQUE 2: ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO – EXPRESIVAS

- B2.1. Experimentación de actividades artístico-expresivas utilizando técnicas de expresión corporal, combinando espazo, tempo e intensidade.
- B2.2. Creatividade e improvisación nas actividades artístico-expresivas de xeito individual.
- B2.3. Realización de bailes e danzas sinxelas de carácter recreativo e popular.

BLOQUE 3: ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE

- B3.1. Condición física. Capacidades físicas e coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, e a súa vinculación cos sistemas do organismo.
- B3.2. Efectos sobre a saúde da actividade física e a alimentación.
- B3.3. Capacidade de adaptación do organismo ante a actividade física e a práctica deportiva.
- B3.4. Control da intensidade do esforzo a través da frecuencia cardíaca.
- B3.5. Procedementos para a avaliación dos factores da condición física relacionados coa saúde.
- B3.6. A actividade física e o seu efecto sobre a saúde. Criterios de selección de actividades para a realización dun plan de mellora da saúde.
- B3.7. Métodos básicos de adestramento para a mellora das capacidades físicas básicas relacionadas coa saúde.
- B3.8. Avaliación da condición física saudable e realización de actividades para a mellora desta, tendo en conta as súas características individuais.
- B3.9. Ergonomía e hixiene postural na práctica de actividades físicas.
- B3.10. Actividade física habitual e outros hábitos de vida saudables, e o seu efecto sobre a calidade de vida.

BLOQUE 4: OS XOGOS E AS ACTIVIDADES DEPORTIVAS

- B4.1. Execución e avaliación de habilidades motrices vinculadas ás accións deportivas, respectando os regulamentos específicos.
- B4.2. Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes individuais.
- B4.3. Adquisición de técnicas de progresión e orientación no medio natural, a súa aplicación en diferentes contornos.
- B4.4. Execución de habilidades motrices técnico-tácticas facilitadas vinculadas aos deportes colectivos en distintas situacións, respectando os regulamentos específicos.
- B4.5. Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes colectivos.

4º ESO

BLOQUE 1: CONTIDOS COMUNS EN EDUCACION FÍSICA

- B1.1. Deseña e realiza as fases de activación e recuperación, logo da análise da actividade física que se vaia realizar.
- B1.2. Fases de activación e recuperación como medio de prevención de lesións.
- B1.3. Planificación e organización de eventos e campionatos nos que se utilicen sistemas que potencien as actitudes, os valores e o respecto das normas, asumindo diferentes papeis e funcións.
- B1.4. Valoración das actividades físicas, deportivas e tradicionais na sociedade actual, destacando os comportamentos axeitados tanto desde o papel de participante como desde o de espectador/a.
- B1.5. Primeiras actuacións ante as lesións máis comúns que poden manifestarse na práctica deportiva.
- B1.6. Protocolos básicos de primeiros auxilios.

- B1.7. Medidas preventivas sobre os riscos ou as lesións na realización de actividades físico-deportivas.
- B1.8. Manexo e utilización do material e do equipamento deportivo.
- B1.9. Aceptación das normas sociais e democráticas que rexen nun traballo en equipo.
- B1.10. Técnicas de traballo en equipo.
- B1.11. Técnicas de traballo colaborativo.
